



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A
FEDERACIÓN GALEGA DE XÓVENES EMPRESARIOS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES
RELACIONADAS COS SERVIZOS DA UNIDADE GALICIA EMPRENDE**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA





CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A FEDERACIÓN GALEGA DE XÓVENES EMPRESARIOS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COS SERVIZOS DA UNIDADE GALICIA EMPRENDE

En Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

R E U N I D O S

Dunha parte, Don Javier Aguilera Navarro, na súa calidade de Director Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante «IGAPE») en virtude da facultade outorgada polo Consello de Dirección do IGAPE, con data 29 de marzo de 2012 (DOG núm. 78, do 24 de abril de 2012) e en virtude do acordo do Consello de Dirección de data 28 de xullo de 2016.

Doutra parte, Dona Carmen José López Rodríguez, na súa calidade de Presidenta da Federación Galega de Xoves Empresarios (en diante, «FEGAXE») con domicilio social en Rosalía de Castro 1, 15706 da cidade de Santiago de Compostela e CIF G-27390566, con facultades para o outorgamento do presente documento en virtude dos artigos 18 y 20 dos vixentes Estatutos de FEGAXE.

Recoñécense reciprocamente competencia xurídica suficiente para subscribir o presente convenio e polo tanto,

M A N I F E S T A N

- I. IGAPE, ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, creado para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.
- II. O IGAPE ten establecido entre os seus principais obxectivos fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade daquelas, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo e, en xeral, apoiar e promover calquera tipo de actividade que contribúa á mellora do sistema produtivo de Galicia.
- III. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Disposición Adicional Segunda establece que o IGAPE, será o instrumento esencial da Consellería competente en economía para desenvolver e aplicar as medidas especificadas no seu Título II, «Medidas para estimular o emprendemento e a actividade emprendedora», e terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.
- IV. No artigo 8.1 da citada Lei 9/2013, establécese a creación da Unidade Galicia Emprende como programa transversal de información, orientación e avaliación das persoas emprendedoras.
- V. No punto 8.2 recóllese que regulamentariamente se establecerán as condicións, características e composición da unidade, que poderá estar composta por todas as persoas e entidades con domicilio social e fiscal en Galicia que soliciten a adscrición á unidade como axentes.
- VI. A Unidade Galicia Emprende é polo tanto, unha entidade na que terán acceso outras entidades que desexen e poidan aportar os seus recursos e coñecementos á consecución, de xeito coordinado e con requirimentos comúns, por parte do IGAPE, aos obxectivos que establece a Lei.
- VII. Antes da publicación do regulamento da Unidade Galicia Emprende, que estableza o convenio de adscrición á unidade como axentes, é posible que se establezan instrumentos de colaboración



específicos e limitados con organizacións que teñan *know-how* e estruturas significativas, no eido da actividade emprendedora, que colaboren ao desenvolvemento temperán dos servizos da unidade.

- VIII. FEGAXE é unha entidade sen ánimo de lucro e de carácter multisectorial, constituída en data 28 de novembro de 2008 e inscrita ante o Servizo de Relacións Laborais, da Dirección Xeral do mesmo nome dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, con número de depósito 72-1051-2009.
- IX. FEGAXE ten entre os seus obxectivos, dentro do seu ámbito autonómico de actuación: promover vocacións empresariais entre os mozos galegos, fomentar o autoemprego e a creación de empresas, atender as necesidades de información, formación, asesoramento e perfeccionamento dos seus membros, actuar en apoio da empresa e aumentar a colaboración e desenvolvemento de sinerxías para potenciar ás empresas socias das distintas asociacións membro.
- X. FEGAXE integra ó colectivo de empresarios menores de 40 anos da Comunidade Autónoma de Galicia, de todos os sectores de actividade, converténdoa nun interlocutor privilexiado cos xoves empresarios e emprendedores. Así mesmo, FEGAXE integra a todas as asociacións provinciais de xóvenes empresarios existentes na Comunidade Autónoma.
- XI. FEGAXE ten representatividade relevante no empresariado xove galego. É a primeira e única entidade galega recoñecida a nivel nacional que agrupa e defende os intereses dos xóvenes empresarios e emprendedores galegos. Ter o respaldo da CEAJE (Confederación Española de Asociaciones de Jóvenes Empresarios) e pola CEOE (Confederación Española de Organizaciones Empresariales). Agrupa a cerca de 1.000 empresas en toda Galicia.
- XII. FEGAXE ten ampla implantación xeográfica no territorio galego por ser unha federación de Asociacións de Empresarios (AJE A Coruña, AJE Ferrolterra, AJE Pontevedra, AJE Vigo, AJE Lugo e CJE Ourense) con ámbito de actuación nas catro provincias galegas con medios axeitados.
- XIII. FEGAXE ten carácter multisectorial. Todas as iniciativas son susceptibles de ser apoiadas sen ter en conta o sector onde se desenvolve a actividade, que está relacionado con espírito de universalidade de servizo da Unidade Galicia Emprende.
- XIV. FEGAXE centra o seu apoio nas novas empresas e novos emprendedores galegos, pero con especial atención as necesidades específicas das iniciativas novas, pequenas, e innovadoras, que non están suficientemente significadas noutras organizacións, e que son os principais destinatarios dos servizos de Unidade Galicia Emprende.
- XV. FEGAXE dispón de equipos directivos e persoal técnico con preparación especializada e experiencia no ámbito da actividade emprendedora.
- XVI. FEGAXE é unha entidade que ten amosado a súa solvencia e eficacia, na organización e implementación de numerosas e diversas actuacións, que no eido da actividade emprendedora, foron desenvolvidas nos últimos anos.

Ao amparo do anterior convenio, asinado en data 21 de xullo de 2015, realizáronse 14 accións formativas e divulgativas, en 13 localidades e nas que participaron preto de 300 emprendedores.

En virtude das consideracións anteriormente expostas, as partes están interesadas en asinar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes



C L A Ú S U L A S

1. OBXECTO

Establecer as bases para o desenvolvemento de programas específicos que complementen a actividade que está a desenvolver o IGAPE de apoio ás persoas emprendedoras no que atinxe ás obrigas establecidas no artigo 8 da Lei 9/2013, que se implementen de xeito expreso e conxunto polo IGAPE e a FEGAXE ao longo do ano 2016 e 2017, sen prexuízo doutros que desenvolvan cada unha das entidades de xeito separado ou en colaboración con outras organizacións.

2. ACTUACIÓNS

As actividades en colaboración son as comprendidas nos seguintes programas:

- **XOVE EMPRESARIO EMPRENDE (Anexo I).** Implantación conxunta de accións formativas, nas áreas de referencia de FEGAXE, que permita axudar ás persoas emprendedoras participantes a incorporar ás súas iniciativas elementos que as doten de viabilidade.
- **XOVE EMPRESARIO APREHENDE (Anexo II).** Realización de accións de formación, difusión e sensibilización para potenciar actitudes intraemprendedoras que permitan construír itinerarios profesionais e laborais de éxito.
- **XOVE EMPRESARIO COMPARTE (Anexo III).** Realización conxunta de encontros empresariais en diversos ámbitos, co obxectivo do intercambio de experiencias na busca de asumir compromisos comúns entre empresas.

3. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

De acordo ao indicado no expositivo desde convenio, polo nivel de representatividade que FEGAXE ten no empresariado xove galego, pola súa implantación xeográfica, polo carácter multisectorial dos seus actuais e futuros asociados, polo perfil das empresas e emprendedores que a compoñen, pola capacitación e experiencia dos seus equipos directivos e persoal técnico, e pola necesaria colaboración que de feito implícito debería realizarse entre as dúas entidades para evitar duplicidades e solapamentos ao dirixirse aos mesmos usuarios e con similares servizos, na procura da eficiencia na aplicacións dos seus recursos escasos, e na procura dun efecto sinerxia, son motivos que imposibilitan promover a concorrência con outro tipo de entidades.

4. OBRIGAS DE FEGAXE

a) En termos xerais, de xeito conxunto co IGAPE, organizar, coordinar e desenvolver as actividades necesarias para a execución dos programas descritos nos anexos.

FEGAXE desenvolverá esta actividade cos seus propios medios ou contratando os servizos e subministros necesarios para levalas a cabo.

b) FEGAXE, achegará a documentación xustificativa que acredite a realización e pago das actividades, así como os informes de participación e demais documentos relativos ás persoas emprendedoras e/ou empresas participantes que, de ser o caso, sexan requiridos polo IGAPE aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das actividades desenvolvidas.

c) FEGAXE, difundirá a participación da Unidade Galicia Emprende e o IGAPE, en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades establecidas, con suxeición ás normas sobre imaxe corporativa indicadas en caso polo IGAPE.

d) FEGAXE subministrará toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.



e) FEGAXE manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

f) FEGAXE, someterase á inspección e control do IGAPE co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas nos diferentes programas e que permitan a xustificación administrativa e financeira das mesmas.

g) FEGAXE e o IGAPE, comprométese de forma expresa a non revelar os datos que ambas partes puidesen obter en virtude da execución do presente convenio, en concreto, os datos previstas na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa que a desenvolve.

h) FEGAXE, para o desenvolvemento dos diferentes programas terá que realizar a contratación da actividade formativa, proporcionar instalacións, achegar o material e equipamento necesario, así como a difusión e organización.

i) FEGAXE, no caso de que subcontracte en mais do 50% a prestación dalgún dos servizos financiados con cargo ao orzamento desde convenio, será necesario que veña autorizado de forma expresa polo IGAPE, e que se propoña na Comisión de Seguimento.

5. TIPOS DE RECURSOS QUE SE ACHEGARÁN

Os recursos que serán achegados para cada un dos programas constarán en cada un dos anexos a este convenio de colaboración que detalle o seu desenvolvemento.

A natureza destes recursos poderá ser: material, inmaterial, humana, técnica, etc. e poderán ter a súa orixe:

1. Nos que xa dispoñan tanto o IGAPE como FEGAXE nas súas estruturas ou orzamentos e poñan a disposición, de balde, para o cumprimento dos fins de cada programa.
2. Nos que financie e pague directamente FEGAXE para o desenvolvemento de actividades dalgún programa, e IGAPE colabore na súa implementación.
3. Nos que o IGAPE achegue a FEGAXE como contrapartida do custo na execución de actividades dalgún programa, no que o IGAPE colabore na súa implementación.

6. ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POR FEGAXE E QUE O IGAPE FINANCIE

O orzamento total das actividades que FEGAXE desenvolva, e que o IGAPE achegue como contrapartida terá un importe máximo, para todos os programas que se recollen nos ANEXOS deste convenio de 88.553,00 €.

Esta cantidade será abonada con cargo aos orzamentos do IGAPE para o ano 2016 e 2017, e nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata a o 100% do orzamento, conforme á partida orzamentaria 09.A1.741A.6402, 36.683,00€ no exercicio 2016 e 51.870,00€ no exercicio 2017, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres.

FEGAXE non poderá obter ningunha contraprestación e/ou lucro, das persoas ou entidades que participan naquelas actividades dos programas que financie directamente o IGAPE, ou nas que o IGAPE achegue a FEGAXE algunha cantidade como contrapartida do custo na súa execución.

FEGAXE cofinanciará as actividades contempladas no presente convenio coa asignación de custes de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento). O importe desta asignación estímase no 20% do orzamento global do convenio (17.710,60 €).



7. GASTOS ATENDIBLES

Para os programas que FEGAXE desenvolva, e que o IGAPE achegue como contrapartida o custo da súa execución, recollidos nos anexos I, II e III:

- a) Só serán atendibles exclusivamente os gastos recollidos nos anexos I, II y III.
- b) Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2017.
- c) Será obrigatorio presentar 3 orzamentos para todos aqueles gastos superiores a 9.000 € + IVE e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.

Esta presentación de ofertas debe de realizarse atendendo ao artigo 23.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico respecto á prohibición de presentar ofertas de empresas vinculadas.

- d) Os gastos obxecto deste convenio son incompatibles con calquera outra liña de axudas ou subvencións para o mesmo obxecto.
- e) O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para a FEGAXE.

8. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

As achegas do IGAPE realizaranse a medida que vaian xustificando os gastos realizados pola FEGAXE sobre os custos apoiados, mediante certificacións trimestrais. Ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización do trimestre natural, agás as do cuarto trimestre que deberán presentarse antes do día 6 de decembro do exercicio correspondente.

Para o pagamento das actuacións desenvolvidas por FEGAXE co apoio do IGAPE, será necesario achegar:

- 1. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.
- 2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - a) Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
 - b) Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.
 - c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
 - d) Xustificación, no seu caso doutros ingresos obtidos para financiar a actividade.
 - e) Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 9.000 € + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, e xustificar a selección do proveedor en caso de non ser o máis económico.



- f) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Secretaria Xeral do Igape realice estas consultas polos seus propios medios.
- g) Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con el.
- h) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- i) Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o modelo do anexo IV.
- j) Cadro de indicadores segundo modelo que se inclúe como anexo V.
- k) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, o IGAPE, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Procederá a minoración da achega concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos establecidos, ou ben o financiamento adicional obtido sumado á axuda do IGAPE exceda os custos xustificados, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

FEGAXE manterá a disposición do IGAPE ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas e dos órganos de control da Comisión Europea, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

9. APROVEITAMENTO DE RESULTADOS

As partes asinantes conveñen en permitir a explotación conxunta polas outras partes, directa ou indirectamente, dos resultados das actividades do Convenio, isto é, informes, traballos, aplicacións informáticas, webs, logos e en xeral calquera instrumento obxecto de propiedade intelectual que sexa desenvolvemento directo das tarefas e actividades obxecto do presente convenio.

10. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese una Comisión de Seguimento composta polo director xeral do IGAPE, que exercerá de Presidente e a presidenta da FEGAXE e, como mínimo, por dous vogais adicionais, un por cada unha das dúas institucións.

Estes vogais poderán ir variando, en persoa e número, en función da temática para tratar en cada unha das reunións da Comisión.

Pola súa banda, tanto o Director do IGAPE como a Presidenta da FEGAXE, poderán delegar a súa asistencia e voto na persoa que cada un deles designe.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

A Comisión de Seguimento deberá reunirse de xeito ordinario unha vez cada dous meses e, de xeito extraordinario, sempre que sexa requirido a instancia de calquera das partes asinantes.



O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

11. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

12. MODIFICACIÓNS

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento, e formalizarase a través da subscrición da correspondente addenda. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

13. RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, ou polo mutuo acordo das partes asinantes.

14. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

15. AUTORIZACIÓNS

FEGAXE consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Iázar s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo IGAPE e non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.



16. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2017.

Á marxe do anterior, o presente convenio poderá extinguirse pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento do seu obxecto.
- a) Cumprimento do prazo de vixencia.
- b) Imposibilidade sobrevinda para o seu cumprimento.
- c) Acordo expreso de ambas as partes.
- d) Incumplimento das obrigas dunha das partes.

17. NATUREZA E XURISDICIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude do disposto no seu artigo 4 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito ambas as dúas partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

18. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscrición dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as consellerías da Xunta de Galicia, os organismos autónomos ou entes de dereito público da administración autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas as dúas partes, asinan o presente convenio, en exemplar duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O director xeral do **IGAPE**:

Javier Aguilera Navarro

A presidenta de **FEGAXE**:

Carmen José López Rodríguez



ANEXO I XOVE EMPRESARIO EMPRENDE

1. OBXECTO

O Programa «XOVE EMPRESARIO EMPRENDE» consiste na implantación conxunta dun programa formativo ao longo de 2016 e 2017 nas áreas de referencia de FEGAXE, que permita axudar ás persoas emprendedoras participantes, a incorporar ás súas iniciativas, elementos que doten de viabilidade aos seus proxectos. Concretase en torno a dous programas formativos:

- **Urban Startup Camp.** Defínese coma un evento de 3 días de duración na cidade de Pontevedra que permita fomentar a posta en marcha de iniciativas emprendedoras de marcado carácter urbano e focalizado na creación de empresas vinculadas ás contornas urbanas, incluíndo o comercio innovador ou os sectores culturais e creativos.
- **Programa formativo, "Da idea ao proxecto".** Curso de 30 horas presenciais, composto por 7 módulos que se desenvolverá nas sete cidades galegas.

2. DESTINATARIOS

Dentro dos perfís de usuarios definidos por parte da Unidade Galicia Emprende para a prestación dos seus servizos, trátase de achegarse aos perfíles seguintes:

- Persoas con curiosidade polo emprendemento e a actividade emprendedora.
- Persoas con ideas ou modelos de negocios en fase de desenvolvemento.
- Persoas nas primeiras etapas de construción de proxectos empresariais.

Tendo prioridade na selección aqueles persoas que contén ou promovan proxectos que supoñan a creación/consolidación de emprego feminino.

Favorecerase a conciliación familiar en canto aos lugares e horas de impartición.

Poderán participar tanto persoas emprendedoras como xoves empresarios (ata 41 anos).

3. ALCANCE

3.1. URBAN STARTUP CAMP

Defínese o "Urban Startup Camp" coma un evento de 3 días de duración (inauguración + 2 días de actividades) que permita fomentar a posta en marcha de iniciativas emprendedoras de marcado carácter urbano e focalizar a creación de empresas vinculadas nas contornas urbanas, incluído o comercio innovador e os sectores culturais e creativos.

O primeiro celebrarase na cidade de Pontevedra, previsiblemente no último trimestre do 2016 e o evento pretende reunir a 150 persoas.

Durante os tres días de duración do Camp desenvolveranse actividades nos distintos formatos, tanto na sede de AJE Pontevedra da Calle Herreros coma noutros lugares da cidade. A maior parte dos eventos organizaranse na sede de AJE funcionando como xornadas de portas abertas, estruturándose baixo o concepto "Estacions". As actividades fóra da sede de AJE, repartidas por toda a cidade y en colaboración cos distintos axentes locais, denominaranse "Actividades de Extensión". Todas as actividades organizaranse no formato aberto, podendo realizarse unha inscrición previa na web do evento.

O Urban Startup Camp estará dirixido tanto a emprendedores c unha idea de proxecto como as persoas con inquietudes emprendedoras que desexen identificar posibles ideas e modelos de negocio. Tamén poderán participar aqueles proxectos empresariais novos (menores de 42 meses) que queiran afianzarse ou captar financiación externa.

As actividades a desenvolver nos distintos formatos son:



ESTACIONES

Organizaranse tres estacións, cada unha delas nun emprazamento do edificio de AJE Pontevedra na Calle Herreros. As estacións propostas son:

1. Estación Ready

Na estación desenvolveranse actividades de promoción de actitudes emprendedoras e difusión da cultura emprendedora.

Seminarios de expertos sobre emprendemento sobre temáticas tales como:

- ✓ Emprendemento social.
- ✓ Novos modelos de negocio nas contornas urbanas.
- ✓ Programas de apoio públicos para o emprendemento.

Talleres sobre:

- ✓ Aplicación da creatividade á xeración de ideas emprendedoras.
- ✓ Aplicación das TICs para a hibridación de negocios culturais.

2. Estación Steady

Baixo esta estación agrúpanse as actividades de mellora de competencias emprendedoras como poden ser:

- ✓ **Talleres** sobre fórmulas de financiación alternativa:
 - Crowdfunding
 - Business Angels
- ✓ **Seminarios** sobre Marketing Dixital y Social media.
- ✓ **Seminario** sobre comercialización en liña.
- ✓ **Servizo continuo** de títulos empresariais.

3. Estación Go!

Nesta estación desenvolveranse as actividades na que os emprendedores e os seus proxectos emprendedores son os protagonistas:

- ✓ **Maratón de “Pitch Elevators”** ante potenciais investidores (previamente haberá que subir á plataforma web do evento a idea que se queira presentar no formato de pitch).
- ✓ **Urban Speed Meeting** para o fomento de networking entre emprendedores de distintos ámbitos pero relacionados coa contorna urbana.
- ✓ **Speed Mentoring** entre emprendedores e mentores procedentes de ámbitos da banca, as tecnoloxías, o marketing, de empresas relevantes do ámbito urbano, etc.
- ✓ **Exposición de ideas do proxecto** para a procura de alianzas. Exposición física e exposición virtual na web do Urban Startup Camp.

Todas as actividades organizaranse no formato aberto pero previa inscrición na web do evento. Estará dirixido tanto a emprendedores cunha idea de proxecto como ás persoas con inquietudes emprendedoras que desexen identificar posibles ideas e modelos de negocio.

ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN

Realizaranse en colaboración con axentes relevantes da contorna urbana. Por exemplo:

- Conferencia inaugural (conferencia maxistral de poñente con recoñecido prestixio.)
- Charlas sobre o emprendemento e cinema...
- Visitas a empresas de emprendedores, especialmente no ámbito do comercio urbano innovador.
- Degustación de produtos gastronómicos de emprendedores urbanos.

ACTIVIDADES PREVIAS DE COMUNICACIÓN

- Desenvolvemento da identidade gráfica do evento.
- Creación da web do evento, cos formularios de inscrición para as distintas actividades.
- Campaña de promoción do evento en redes sociais.



3.2. "DA IDEA AO PROXECTO"

Está prevista o desenvolvemento de **once accións e programas formativos a partir de Outubro de 2016 e ata finais do 2017 nas sete cidades principais cidades galegas: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo e en 4 localidades de menor dimensión (preferentemente unha por provincia)**, que as realizarán dentro das súas áreas de referencia.

O programa "DA IDEA AO PROXECTO" prevé un **total de 220 participantes (20 participantes en cada unha das accións)**. Cada acción estará dividida en 7 módulos de 4 horas cada un, e dous horas para o networking de peche do programa. En cada bloque formativo poderá participar un máximo de 20 persoas emprendedoras.

O número mínimo de persoas para cada un dos bloques formativos establecerase previamente e non poderá ser inferior a 15 persoas. FEGAXE a través da AJE que xestione cada acción formativa, deberá asegurar con anterioridade ao seu desenvolvemento que se dispón da masa crítica necesaria para poder comezar a acción formativa.

No caso de non ser así, entenderíase como unha acción "non efectiva" e polo tanto non tería a consideración de "realizada" a efectos de ser obxecto do seu financiamento por parte do Igape. As persoas que participen deben atoparse dentro do perfil que se defina para cada unha das accións.

O programa "DA IDEA AO PROXECTO" desenvolverase nos seguintes módulos:

Módulo 1	A túa idea empresarial nunha folla. Método CANVAS. (4 horas)
Módulo 2	Analiza o teu mercado a a túa competencia. (4 horas)
Módulo 3	Formas xurídicas da empresa. (4 horas)
Módulo 4	Obrigas fiscais e laborais do emprendedor. (4 horas)
Módulo 5	Cómo vender a túa empresa ante clientes e investidores. (4 horas)
Módulo 6	Cooperación empresarial. Gañar, gañar. Consorcios. (4 horas)
Módulo 7	Revisión e actualización do CANVAS. (4horas)
Módulo 7	Networking final. (2horas)

TOTAL DE HORAS: 30

4. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total do programa «XOVE EMPRESARIO EMPRENDE» é de 43.648,00 €, segundo se detalla nos puntos descritos a continuación.

4.1. Programa Urban Startup Camp

Concepto	Nº de encontros	Custe Unitario	Custe Total
Organización das actividades propostas para o Urban Startup Camp (3 días: Ready, Steady, Go). Deseño da identidade gráfica do evento. Creación de una páxina web para o evento. Creación dun formulario de inscrición. Campaña de publicidade en Redes Sociais	1	10.648,00	10.648,00

O orzamento deste programa establécese en 10.648,00 €. Incluíndose dentro destes gastos os honorarios dos formadores (mínimo 50% do total) e os correspondentes a gastos de deseño, organización, difusión e publicidade (máximo 50%).



4.2. Programa "DA IDEA AO PROXECTO"

Concepto	Nº de encontros	Custe Unitario	Custe Total
Programa Formativo 'Da Idea ao Proxecto' (30 horas de formación)			
Ponencias dos docentes/formadores			
Impresión de carpetas, libretas, etc.			
Material de oficina (folios, bolígrafos para os participantes)			
Publicidade en Medios de Comunicación off line / on line	11	3.000,00	33.000,00

O orzamento deste programa calcúlase en base a 100 € por hora de formación impartida. Establécese a celebración de 11 accións de 30 horas de duración cada unha, o que sitúa o orzamento total en **33.000 €** (100 €/h x 30h x 11 sesións). Incluíndose dentro destes gastos os honorarios dos formadores (mínimo 80% do total) e os correspondentes a materiais formativos, custes de difusión e publicidade (máximo 20%).



ANEXO II XOVE EMPRESARIO APREHENDE

1. OBXECTO

O Programa «XOVE EMPRESARIO APREHENDE » consiste na realización de accións de formación, difusión e sensibilización para potenciar actitudes intraempresarias que permitan construír itinerarios profesionais e laborais de éxito.

Concrétase en torno ao Obradoiro de formación: “O lider, creador de equipos”.

2. DESTINATARIOS

Dentro dos perfís de usuarios definidos por parte da Unidade Galicia Emprende para a prestación dos seus servizos, trátase de achegarse aos perfís seguintes:

1. Profesionais, directivos e xerentes de empresas nas primeiras etapas de construción de proxectos empresariais.
2. Profesionais, directivos e xerentes de empresas en fase de consolidación e crecemento.

Tendo prioridade na selección aqueles persoas que contén ou promovan proxectos que supoñan a creación/consolidación de emprego feminino.

Favorecerase a conciliación familiar en canto aos lugares e horas de impartición.

Poderán participar tanto persoas emprendedoras como xoves empresarios (ata 41 anos).

3. ALCANCE

Está previsto o desenvolvemento de **dez Obradoiros de formación: “O lider, creador de equipos” a partir de Outubro de 2016 e ata finais do 2017 nas sete cidades principais cidades galegas: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo e en 3 localidades de menor dimensión (preferentemente en diferentes provincias)**, que as realizarán dentro das súas áreas de referencia..

Os Obradoiros de formación: “O lider, creador de equipos” prevén un **total de 200 participantes (20 participantes en cada un dos obradoiros)**. Realizaranse cunha metodoloxía eminentemente práctica e dinámica, invitando á participación do tecido empresarial da zona

Entre os seu obxectivos está:

Realizar unha análise da súa actividade cotidiana co obxectivo de obter un diagnóstico/balance dos puntos fortes e débiles na utilización das habilidades e técnicas obxecto do Obradoiro.

Deseñar un plan de actuación para a mellora da súa xestión que conterá os obxectivos específicos, o esquema do plan de acción, as datas de execución e os criterios e indicadores de seguimento e control.

Analizar e valor a importancia do liderazgo en todo o relacionado coa consecución de obxectivos por medio do traballo conxunto con todos os seus colaboradores, e o rendemento que está obtendo o seu actual equipo de traballo.

Describir o papel que eles mesmos están xogando como coordinadores/directores do equipo.

Os participantes identificarán, a partir dun modelo conceptual que les presentará o formador, a fase de desenvolvemento/madurez na que se encontra actualmente o seu equipo de traballo e deseñarán un plan de actuación-utilizando as técnicas e ferramentas adecuadas- potenciar a eficiencia do traballo do seu equipo.

Para isto, e durante unha xornada/obradoiro de traballo de 4 horas de duración, desenvolveranse os seguintes contidos:



PROGRAMA

1. AS CLAVES DO TRABALLO EN EQUIPO.
2. AS FASES DE DESENVOLVEMENTO DUN EQUIPO DE TRABALLO.
 - 2.1 A creación: elección dos membros, regras de xogo, obxectivos, plans de accións e control.
 - 2.2 Os conflitos: aprender a traballar en equipo, desenvolver habilidades, redefinir roles.
 - 2.3 O reinicio: regras do xogo definitivas, mellorar habilidades, mellorar resultados, avaliar construtivamente.
 - 2.4 A consolidación: celebrar os éxitos, centrarse no traballo, fomentar iniciativas, lograr recoñecemento exterior.
 - 2.5 O pleno rendemento: exportar a tecnoloxía, importar métodos, impulsar a creatividade, mellorar a formación, afrontar novos retos.
3. O DIRECTOR DO EQUIPO DE TRABALLO.

A impartición de este programa correrá a cargo de **PABLO CASTEJÓN RUIZ (ou persoa de similar perfil profesional)**: Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Autónoma de Madrid. Máster en Organización e Dirección de Recursos Humanos por ICADE. Programa de Alta Dirección pola Escola de Negocios Afundación. Programa Superior de Coaching Executivo e Programa de Coaching Sistémico de Equipos pola Escola de Negocios Afundación. Foi Director da Área de Ciencias Sociais da Editorial Santillana, Responsable de Programas de Formación para Directivos no Grupo Eulen, Socio Director de AVAN Consultores (Madrid), Socio Consultor de EOSA (Vigo) e Director de Relacións con Clientes e Director Académico da Escola de Negocios Afundación, da que actualmente é Director de Desenvolvemento Profesional.

4. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total do programa «XOVE EMPRESARIO APREHENDE» é de 12.000,00 €, segundo se detalla a continuación.

Concepto	Nº de encontros	Custe Unitario	Custe Total
Obradoiro de formación 'O líder, creador de equipos' (4 horas de formación)			
Honorarios, desprazamentos e manutención dos relatores/formadores.			
Documentación e material de oficina (folios, bolígrafos para os participantes)			
Publicidade en Medios de Comunicación off line / on line	10	1.200,00	12.000,00

O orzamento deste programa calcúlase en base a 300 € por hora de formación impartida. Establécese a celebración de 10 accións de 4 horas de duración cada unha, o que sitúa o orzamento total en **12.000 €** (300 €/h x 4h x 10 obradoiros). Incluíndose dentro destes gastos os honorarios dos formadores (mínimo 80% do total) e os correspondentes a materiais formativos, custes de difusión e publicidade (máximo 20%).



ANEXO III

XOVE EMPRESARIO COMPARTE

1. OBXECTO

O Programa «XOVE EMPRESARIO COMPARTE» consiste na realización conxunta de encontros empresariais en diversos ámbitos, co obxectivo do intercambio de experiencias na busca de asumir compromisos comúns entre empresas. Concrétase en torno as seguintes accións:

1. Networking Industria. Xornada con mesas sectoriais, cada unha delas contará cun representante do sector e un moderador. A sesión está orientada a empresarios relacionados co sector industria e terá lugar na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

2. Programa Compromiso Empresarial coa Internacionalización. Tras unha primeira edición do programa “Compromiso Empresarial coa Internacionalización” proxéctase para o 2016 unha segunda edición desta actividade con 3 xornadas de encontros nas cidades de Santiago, A Coruña e Vigo entre empresas orientadas á Internacionalización para compartir experiencias e proxectos, nun contexto de intercambio de iniciativas e co obxecto de asumir compromisos comúns entre compañías.

3. Programa Compromiso Empresarial coa Industria Téxtil. Xornada de encontro na cidade da Coruña entre empresas orientadas á Industria Téxtil para compartir experiencias e proxectos, nun contexto de intercambio de iniciativas e co obxecto de asumir compromisos comúns entre compañías.

4. Programa Compromiso Empresarial co Sector Agropecuario. Xornada de encontro entre empresas orientada ao sector agropecuario. Foro de cooperación do sector rural orientada a emprendedores e empresarios deste ámbito. Prevesa a realización da primeira na cidade de Ourense.

5. Programa Compromiso Empresarial coa Industria Pesqueira. Xornada de encontro na cidade de Vigo entre empresas orientada ao sector da industria pesqueira. Foro de cooperación do sector pesqueiro orientada a emprendedores e empresarios deste ámbito.

6. Feira de servizos. Xornada de networking a realizar na cidade de Lugo na que aqueles emprendedores que queiran, poidan presentar ao resto de empresas e ao público en xeral os produtos e/ou servizos da súa empresa e aproveitar esta sesión para xerar os contactos e sinerxías necesarias para a organización das posteriores xornadas agroalimentarias en diversas zonas de Galicia.

7. Xornadas empresariais, agroalimentarias e rurais. Xornadas de networking en distintos puntos da provincia de Lugo (A Mariña, Terra Cha e Ribeira Sacra) co fin de amosar a cultura emprendedora naquelas zonas ás que habitualmente non se é quen de chegar, debido á amplitude do territorio e á falta de medios económicos e materiais e tamén destacar as actividades básicas da economía de cada zona.

8. Networking sectorial galego. Xornada na comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal como fomento do emprendemento e apoio ao desenvolvemento da economía desta comarca.

2. DESTINATARIOS

Dentro dos perfís de usuarios definidos por parte da Unidade Galicia Emprende para a prestación dos seus servizos, trátase de achegar ás empresas en fase de consolidación ou crecemento que cumpran para cada programa os requisitos que FEGAXE determine.

3. ALCANCE

1.1. NETWORKING INDUSTRIA

Xornada orientada a empresarios relacionados co sector industria co obxectivo de crear sinerxías, buscar oportunidades de negocio e identificar necesidades do sector.

Prevese celebrar na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela cunha asistencia de entre 150-200 persoas. Estará formado por mesas sectoriais (téxtil, naval, automóbil, agroalimentario, tecnolóxico, industria química, construción, aéreo, metal) cada unha delas cun representante do sector e un moderador.



PROGRAMA

9:00 RECEPCIÓN. ENTREGA DE ACREDITACIÓNS
9:15 COFFEE BENVIDA
9:30 DISCURSO APERTURA-COLOCACIÓ NAS MESAS
10:00 NETWORKING
11:45 COFFEE MEDIA MAÑÁ
12:00 NETWORKING
14:00 VIÑO ESPAÑOL

1.2. PROGRAMA COMPROMISO EMPRESARIAL COA INTERNACIONALIZACIÓN

Xornada de encontro entre empresas orientadas á Internacionalización para compartir experiencias e proxectos, nun contexto de intercambio de iniciativas e co obxecto de asumir compromisos comúns entre compañías. **Trátase de tres xornadas nas cidades de A Coruña (novembro 2016), Santiago de Compostela (febreiro de 2017) e Vigo (abril de 2017) na que participarán 15 empresarios en cada unha de elas e na que se procurará a busca de solucións efectivas para exportar e desenvolver novos mercados.**

O I Foro da Internacionalización da Peme de Galicia (celebrado na Coruña) naceu baixo o paraugas do Programa Xove Empresario Comparte e o proxecto Compromiso Empresarial coa Internacionalización, levado a cabo polo Igape e a FEGAXE, co obxectivo de promover xornadas de actuación con pequenas e grandes empresas galegas que xa están en activo, para que compartan experiencias e coñecemento, xérense sinerxías en co fin de asumir compromisos comúns, en favor do tecido empresarial da comunidade galega.

Dentro do programa Xove Empresario Comparte celebráronse diferentes xornadas temáticas, entre as que se atopa o I Foro da Internacionalización da Peme de Galicia. Proponse dentro deste convenio unha segunda edición do programa. Como na primeira edición o programa está dirixido a:


- 1) Empresas, pemes e micropemes, con interese en internacionalizarse para o desenvolvemento de redes de negocios e que se atopan neste eido nunha fase embrionaria e que contan cun grande potencial. (5 empresas)
- 2) Empresas que estean en procesos de internacionalización, con mentalidade global e que teñen capacidade exportadora. (5 empresas)
- 3) Empresas con grande experiencia en procesos de internacionalización que exportan ou traballan no exterior. (5 empresas).

1.3. PROGRAMA COMPROMISO EMPRESARIAL COA INDUSTRIA TEXTIL

Xornada de encontro entre empresas orientadas á Industria Téxtil na **cidade da Coruña (xaneiro de 2017) e na que participarán 15 empresas** para compartir experiencias e proxectos, nun contexto de intercambio de iniciativas e co obxecto de asumir compromisos comúns entre compañías. No evento poderán participar:

- 1) Empresas, pemes e micropemes, con interese en desenvolver novas de redes de negocios no ámbito industrial e que se atopan nunha fase embrionaria e que contan cun grande potencial. (5 empresas)
- 2) Empresas constituídas e asentadas no mercado con capacidade para levar a cabo procesos de carácter industrial. (5 empresas)
- 3) Empresas grandes co capacidade de contratar e de aproveitar as sinerxías con pemes ou micropemes. (5 empresas).

Na primeira edición dos programas **Compromiso Empresarial coa Internacionalización** creouse a web <http://findin.es> ao que se sumarán os proxectos **Compromiso Empresarial coa Industria Téxtil**, **Compromiso Empresarial co Sector Agropecuario** e **Compromiso Empresarial coa Industria Pesqueira**.



1.4. PROGRAMA COMPROMISO EMPRESARIAL CO SECTOR AGROPECUARIO

Xornada de encontro entre empresas orientadas ao sector agropecuario, prevéndose a celebración da primeira **na cidade de Ourense (febreiro de 2017) e na que asistirán 15 empresas**. Foro de cooperación do sector rural orientada a emprendedores e empresarios deste ámbito, no que reuniremos a tres perfís de participantes:

- 1) Emprendedores do ámbito rural.
- 2) Empresas do sector agropecuario de menos de tres anos de actividade.
- 3) Empresas cunha longa traxectoria (máis de tres anos) no sector agropecuario.

O obxectivo desta xornada é pór en valor o agro galego e as oportunidades de negocio que se crean nel así como que os novos empresarios tomen conciencia do peso que ten este sector estratéxico na economía galega. No 2016 porase en marcha unha primeira edición deste foro e o directorio de participantes será integrado web <http://findin.es>.

1.5. PROGRAMA COMPROMISO EMPRESARIAL COA INDUSTRIA PESQUEIRA

Xornada de encontro entre empresas orientada ao sector da industria pesqueira que **celebrarás na cidade de Vigo (marzo de 2017) e na que asistirán 15 empresas**. Foro de cooperación do sector pesqueiro orientada a emprendedores e empresarios deste ámbito, no que reuniremos a tres perfís de participantes:

- 1) Emprendedores do ámbito pesqueiro.
- 2) Empresas do sector da industria pesqueira de menos de tres anos de actividade.
- 3) Empresas cunha longa traxectoria (máis de tres anos) no sector da industria pesqueira.

O obxectivo desta xornada é pór en valor o sector pesqueiro galego e as oportunidades de negocio que se crean nel, así como que os novos empresarios tomen conciencia do peso que ten este sector, xunto ao agropecuario, estratéxico na economía galega. No 2016 terá lugar unha primeira edición deste foro e o directorio de participantes será integrado tamén web <http://findin.es>.

O traballo nestes novos foros será similar ao de Internacionalización e Industria, realizarase un encontro que estará dirixido por un moderador e consultor especializado na materia que saiba extraer o coñecemento compartido dos asistentes e a posteriori realizarase unha xornada de networking que lles permita aos participantes intercambiar impresións e xerar sinerxías profesionais.

O obxectivo destas dúas novas propostas é reforzar o papel dos emprendedores e empresarios do ámbito rural e pesqueiro e darlles a visibilidade necesaria para contribuír á revitalización neste ámbito. Durante a xornada os asistentes poderán coñecer de primeira man experiencias e historias dos máis expertos que trasladarán aos novos as súas experiencias.

1.6. FEIRA DE SERVIZOS

A asociación propón esta actividade como unha xornada de networking que **se celebrará na cidade de Lugo (maio de 2017) e na que entre 15- 30 emprendedores** que queiran, poidan presentar ao resto de empresas e ó público en xeral os produtos e/ou servizos da súa empresa. Por outra banda, aproveitaríase esta sesión para xerar os contactos e sinerxías necesarios para a organización das posteriores xornadas agroalimentarias en diversas zonas de Galicia:



- Norte Lugo – Mariña Lucense - Asturias
- Centro Lugo – Terra Cha
- Terra de Lemos – Ribeira Sacra

Coa celebración de xornadas de networking ó longo da comunidade galega, pretendemos mostrar a cultura emprendedora da asociación naquelas zonas as que habitualmente non é capaz de chegar, debido á amplitude do territorio e á falta de medios económicos e materiais da asociación; incrementar a rede de contactos dos asistentes ó acto; buscar novas oportunidades de negocio; axudar ó desenvolvemento das zonas rurais, e darse a coñecer como asociación empresarial fora do seu ámbito de actuación habitual.

1.7. XORNADAS EMPRESARIAIS, AGROALIMENTARIAS E RURAIS

Entendemos que un dos sectores con mais peso na economía da provincia é o sector primario e, pola contra é, con diferenza, o que conta con menor representación dentro da nosa asociación. Así, por exemplo, e partindo da división da provincia que trazamos para a realización de diversas xornadas de networking, podemos destacar as actividades básicas da economía de cada zona: no norte e leste da comunidade maiormente o sector pesqueiro e turístico, xunto cunha parte de industria forestal e agraria, no centro a produción agrícola e gandeira centrada en vacún de leite e carne, e no sur ademais desta mesma produción destaca o sector vitivinícola coa presenza da D.O. de recoñecemento nacional Ribeira Sacra e tamén en algunhas zonas unha marcada inclinación cara ó turismo.

Os lugares e datas (provisionais) destas xornadas son:

A Mariña (Lugo) o día 12 de Decembro 2016

Terra Cha (Lugo) o día 13 de Febreiro 2017

Ribeira Sacra (Lugo) o día 10 de Abril 2017

Poderán participar entre 30- 40 empresarios/emprendedores en cada edición

Coas XORNADAS EMPRESARIAIS, AGROALIMENTARIAS E RURAIS preténdese:

- 1) Poñer en contacto empresas vinculadas con este ámbito de toda a comunidade (produtores, transformadores e entidades de servizos), emprendedores do sector primario e outros empresarios e administracións relacionadas co sector. O obxectivo principal sería que destes encontros nacesen grupos de traballo nos que analizar as problemáticas que se encontran desde cada uno deles e as posibles propostas conxuntas de solución das mesmas. Pártese dunha primeira experiencia realizada en 2015 en Lugo, de gran acollida entre os emprendedores que foi o I FORO AJE LUGO no que se tivo a oportunidade de trasladar a representantes das administracións públicas, nesa ocasión ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, as inxerencias e dificultades que os emprendedores atopan no desenvolvemento dos seus proxectos en cada un dos seus sectores de actividade.
- 2) Dar a coñecer os servizos da asociación nas distintas zonas, poñer en contacto empresas de ámbitos variados e xerar sinerxías entre empresarios de diferentes sectores de actividade.
- 3) Dar a coñecer as fortalezas gastronómicas, culturais e económicas de cada comarca, mostrando as oportunidades de negocio existentes no ámbito rural, resaltar o peso que cada un dos sectores teñen na economía da nosa comunidade e poñer en valor o traballo dunha parte importante da sociedade.

1.8. NETWORKING SECTORIAL GALEGO

Xornada a celebrar **na comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal (xuño de 2017) e na que poderán participar entre 40-60 emprendedores**, coa finalidade do fomento do emprendemento e apoio ó desenvolvemento da economía desta comarca.

4. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total do programa «XOVE EMPRESARIO COMPARTE» é de **32.905,00 €**, segundo se detalla a continuación.



Concepto	Nº de encontros	Custe Unitario	Custe Total
Networking Industria. Espazo. Cedido pola Xunta de Galicia. Deseño da Imaxe do Networking . Deseño dos flyers, invitacións, acreditación, photocall e video. (2.000 euros) Produción de landyards, plásticos acreditadores, impresión photocall, flyers e tarxetas. (1.300 euros) Prensa e Fotógrafo. (1.100 euros) Azafatas. (500 euros) Tecnoloxía. Landing page para ver os inscritos e que poidan pedir cita entre eles. (1.000 euros) Catering (4.700 euros)	1	10.600,00	10.600,00
Programa Compromiso Empresarial coa Internacionalización. (A Coruña, Santiago e Vigo) Difusión. Publicidade previa/posterior. Edición dun catálogo / dossier en liña de entidades interesadas na internacionalización.	3	1.335,00	4.005,00
Programa Compromiso Empresarial coa Industria Téxtil Difusión. Publicidade previa/posterior. Edición dun catálogo / dossier en liña de entidades interesadas na industria téxtil.	1	2.000,00	2.000,00
Programa Compromiso Empresarial co Sector Agropecuario Difusión. Publicidade previa/posterior. Edición dun catálogo / dossier en liña de entidades interesadas no sector agropecuario.	2	2.000,00	4.000,00
Programa Compromiso Empresarial coa Industria Pesqueira Difusión. Publicidade previa/posterior. Edición dun catálogo / dossier en liña de entidades interesadas no sector agropecuario.	1	2.000,00	2.000,00
Feira de Servizos Deseño e impresión. Cartelería. Material Publicitario. Publicidade en medios off line / on line.	1	2.500,00	2.500,00
Xornadas Empresariais, Agroalimentarias e Rurais. (A Mariña)(Terra Chá)(Ribeira Sacra) Deseño e impresión. Cartelería. Material Publicitario. Publicidade en medios off line /on line	3	1.500,00	4.500,00
Networking Sectorial Galego. Aluguer espazo. (500 euros). Difusión e Comunicación (500 euros). Deseño (500 euros). Prensa (500 euros). Persoal de apoio (300 euros). Material (1.000 euros)	1	3.300,00	3.300,00



ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE TITULARIDADE CONTA BANCARIA

D/D^a _____ con DNI nº _____,
actuando en nome e representación de FEGAXE,

DECLARA:

que a seguinte conta bancaria, da que é titular FEGAXE, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do "Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Federación Galega de Xóvenes Empresarios para a realización de actividades relacionadas cos servizos da Unidade Galicia Emprende".

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, ____ de _____ de 20____
(Sinatura da persoa representante)



ANEXO V: INDICADORES

Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4	Total Realizado	Homes	Mulleres
1.- Nº de persoas participantes (Desagregado por sexo) (ud.)						
	Situación laboral					
		Persoas empregadas (Total)*				
			Persoas empregadas por conta propia*			
			Persoas empregadas (por conta allea) con contrato fixo			
			Persoas empregadas (por conta allea) con contrato temporal			
			Funcionarios (persoas empregadas por conta allea con réxime de funcionariado)			
		Persoas desempregadas (Total)*				
			Persoas desempregadas de longa duración (12 meses)*			
		Persoas inactivas (Total)*				
			Persoas inactivas recibindo educación ou formación*			
			Persoas inactivas en situación de xubilación			
			Persoas inactivas retirada dos negocios			
			Persoas inactivas con incapacidade permanente			
			Persoas inactivas dedicadas á vida familiar			
			Persoas inactivas dedicadas a outros asuntos			
	Idade					
			Persoas menores de 25 anos*			
			Persoas entre 25 e 54 anos*			
			Persoas maiores de 54 anos*			
	Grupos vulnerables					
			Inmigrantes*			
			Minorías*			
			Persoas con discapacidade*			
			Con persoas en situación de dependencia ao seu cargo*			
			Outras persoas desfavorecidas*			
	Nivel educativo					
			Educación primaria ou secundaria inferior (ISCED 1 e 2)*			
			Educación secundaria superior (ISCED 3)*			
			Educación postsecundaria non superior (ISCED 4)*			
			Educación superior (ISCED 5 e 6)*			
2.- Nº de persoas que seguen un módulo de sensibilización ambiental (ud.)						
3.- Nº de persoas que participan en cursos de formación específicos no medio ambiente (ud.)						
4.- Nº de empresas beneficiadas (ud.)						
	Tipo de empresa					
			PEME (Pequenas e medianas empresas)*			
			Microempresas*			
9.- Campañas de comunicación, difusión e sensibilización (ud.)						